

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA FUNDACIÓN CEER POLA QUE SE REALIZA A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO MEDIANTE CONTRATO LABORAL DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO CON CARGO AO PROXECTO “ESTRATEGIA DE COOPERACIÓN INTELIGENTE RÍO MIÑO TRANSFRONTERIZO (SMART_MIÑO)” COFINANCIADO POLO PROGRAMA INTERREG VA ESPAÑA PORTUGAL (POCTEP) A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) DA UE

1.- OBXECTO

O obxecto do presente contrato é a contratación dun técnico de proxecto que participe na execución do proxecto SMART_MINHO.

2.- NÚMERO DE PRAZAS

Unha

3.- MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato a formalizar será por obra e servizo determinado por un período dun ano prorrogable. A xornada laboral será completa e se desenvolverá entre Galicia (Santiago e Pontevedra) e o Norte de Portugal (a sede localizarase na Universidade do Minho (Braga), onde se desenvolverá a maior parte da xornada laboral).

4.- TAREFAS

Encargarase das seguintes tarefas:

- Colaborar no desenvolvemento e posta en marcha das distintas actuacións previstas no proxecto.
- Colaborar na coordinación dos socios participantes do proxecto e participar nas distintas estruturas internas de coordinación e xestión do proxecto e nas reunións de traballo pertinentes.
- Prestar apoio á coordinación xeral do proxecto para a correcta execución do mesmo.
- Preparar informes, asistir a reunións de coordinación en Galicia e o Norte de Portugal e, en xeral, realizar o conxunto de tarefas necesarias para garantir a boa marcha do proxecto.
- Apoiar a execución do plan de traballo do proxecto.
- Colaborar nas tarefas de divulgación do proxecto.

5.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

a) Titulación universitaria de grao superior: preferentemente en Ciencias Sociais e Xurídicas (non excluínse).

- b) Formación en cooperación transfronteriza, planificación e estratexias territoriais (preferentemente: novas estratexias urbanas, mobilidade e transportes, cooperación e planificación cultural).
- c) Formación en asuntos europeos.
- d) Experiencia laboral no desenvolvemento de proxectos vinculados a programas europeos, preferentemente en programas europeos de cooperación territorial.
- e) Coñecementos dos idiomas español, galego, portugués e inglés.
- f) Manexo de programas informáticos a nivel usuario (procesadores de texto, follas de cálculo, presentacións, internet, correo electrónico, etc.).
- g) Dispoñibilidade para desprazarse e dispoñibilidade de vehículo.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

Tras o período de presentación de candidaturas, a dirección da Fundación CEER procederá a avaliación dos currículos dos aspirantes axustándose aos requirimentos da presente convocatoria. Como criterios xerais de valoración teranse en conta: a adecuación do perfil á praza segundo os requisitos mencionados e baseado no curriculum vitae, a posesión dunha titulación preferente, a formación e a experiencia. Concretamente, a valoración farase en consonancia co seguinte:

A. FORMACIÓN (máximo de 40 puntos):

- Estudos de doutorado; DEA (Diploma de Estudos Avanzados) ou Mestrado; Estudos de Posgrao (ate 20 puntos)
- Accións formativas (cursos, congresos, seminarios, etc.) relacionadas con asuntos europeos (ata un máximo de 10 puntos).
- Experiencia nos seguintes campos: novas estratexias urbanas, mobilidade e transportes, cooperación e planificación cultural (ata un máximo de 10 puntos).

B. EXPERIENCIA (máximo de 20 puntos):

- Contratos de traballo relacionados coa xestión de programas e fondos da UE, xestión pública, cooperación transfronteriza, administracións locais e universidades, investigación e actividades de transferencia de investigación (5 puntos por ano, ate un máximo de 20 puntos).

C. ENTREVISTA PERSOAL (ate 40 puntos)

En caso de empate e de conformidade cunha política axeitada en materia de igualdade de xénero, daráselle prioridade ás candidaturas formuladas por mulleres. A Dirección da Fundación tamén ultimarará a selección cunha entrevista persoal (40 puntos). A comisión de avaliación estará conformada por D. Rubén Lois González, Director da Fundación CEER, D. José Alberto Río Fernandes, o Secretario Xeral da Fundación e Dna. Carla Martins, do Consello de Dirección do CEER.

Rematado este proceso, farase pública a resolución do procedemento de selección por parte da dirección do CEER, a través da páxina da Fundación CEER (<http://fceer.org>) nos días seguintes á finalización do prazo de presentación de candidaturas.

7.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria.

8.- SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas ao Director da Fundación CEER, serán enviadas en formato electrónico ou papel a:

Fundación Centro de Estudios Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (FCEER)
Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n 15782, Santiago de Compostela.

Direccion@fceer.org

9.- DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes, para ser admitidos no proceso de selección acompañarán necesariamente a súa solicitude dos seguintes documentos:

- Curriculum vitae (C.V.) e fotocopia do DNI
- Diplomas, certificados e demais documentación xustificativa de formación e experiencia profesional indicada no C.V.

En Santiago de Compostela, a 16 de xuño de 2017

Asdo. D. Rubén Lois González

Director da Fundación CEER



